



Xacobeo 2021

# CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

---

**Datos provinciais**

**Xaneiro de 2021**

**PROVINCIA DE A CORUÑA**
**XANEIRO 2021**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	16.394	-77,3%	30.362	-76,4%	1,85	4,1%	9,71%	-16,74
PENSIÓNS	1.464	-87,1%	19.477	-47,7%	13,30	305,4%	12,27%	-8,71
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>17.858</b>	<b>-78,7%</b>	<b>49.839</b>	<b>-70,0%</b>	<b>2,79</b>	<b>40,7%</b>	<b>10,57%</b>	<b>-14,42</b>
APTOS. TURÍSTICOS	1.095	-62,3%	3.990	-41,3%	3,64	55,8%	13,46%	-3,00
TURISMO RURAL	52	-93,8%	397	-64,7%	7,63	472,8%	1,50%	-1,64
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>1.147</b>	<b>-69,4%</b>	<b>4.387</b>	<b>-44,6%</b>	<b>3,82</b>	<b>81,1%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>19.005</b>	<b>-78,3%</b>	<b>54.226</b>	<b>-68,8%</b>	<b>2,85</b>	<b>43,5%</b>	-	-

- Comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de A Coruña neste primeiro mes do ano. En concreto, descende a cifra de viaxeiros aloxados un 78% e o volume de noites un 69% en relación ao mesmo período do pasado ano. Significa isto que este mes os establecementos regrados da provincia conseguiron manter apenas un cuarto da demanda rexistrada no mesmo período de 2020. Mantense a dinámica dos últimos meses.
- Obsérvase ademais un comportamento negativo xeneralizado nas diferentes tipoloxías, con caídas da demanda en todas elas aínda que con diversa intensidade. Descende o volume de noites un 70% nos establecementos hoteleiros –un 76% nos hoteis e un 48% nas pensións-, así como no segmento extrahoteleiro -un 65% en turismo rural e un 41% nos apartamentos turísticos, a modalidade que mellor resistiu os efectos negativos da crise neste mes-.
- O 92% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 56% nos hoteis e un 36% nas pensións-. O 8% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural. Esta distribución mantense estable nos últimos 2-3 meses.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento parello dos tres grandes segmentos de mercado no sentido de que todos presentan caídas en termos interanuais pero difiren na intensidade. Así, o turismo interno descende un 50%, o receptor nacional un 77% e o internacional un 85% - porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- Por terceiro mes consecutivo o segmento de maior peso na provincia é o mercado interno. Representa en xaneiro o 54% do total das noites hoteleiras. O turismo receptor nacional absorbe o 35% mentres que o 11% restante corresponde ao internacional.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella á demanda. Descende en todas as tipoloxías, con maior e notable intensidade nos hoteis.
- Incrementase a estadía media neste mes, nun 43% en particular, para situarse en 2,8 noites –a cifra máis elevada das catro provincias galegas-.

**PROVINCIA DE LUGO**
**XANEIRO 2021**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	4.704	-73,5%	8.174	-72,6%	1,74	3,6%	7,82%	-14,53
PENSIÓNS	943	-65,5%	3.488	-50,9%	3,70	42,5%	5,18%	-3,07
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>5.647</b>	<b>-72,5%</b>	<b>11.662</b>	<b>-68,4%</b>	<b>2,07</b>	<b>14,7%</b>	<b>6,79%</b>	<b>-10,02</b>
APTOS. TURÍSTICOS	337	-64,1%	4.857	-15,0%	14,41	137,0%	15,58%	-6,80
TURISMO RURAL	65	-92,3%	133	-90,4%	2,05	24,0%	0,51%	-4,28
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>402</b>	<b>-77,4%</b>	<b>4.990</b>	<b>-29,7%</b>	<b>12,41</b>	<b>211,0%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>6.049</b>	<b>-72,9%</b>	<b>16.652</b>	<b>-62,2%</b>	<b>2,75</b>	<b>39,4%</b>	-	-

- En liña coa tendencia xeral rexístrase neste mes de xaneiro un descenso da demanda turística regrada na provincia de Lugo. En concreto, cae a cifra de viaxeiros aloxados un 73% e o volume de noites un 62% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este descenso vén provocado polas caídas rexistradas en todas modalidades de aloxamento mais con notables diferenzas de intensidade. A demanda cae de forma moi acusada no ámbito hoteleiro –nun 73% nos hoteis e nun 51% nas pensións- e no segmento de turismo rural –nun 90% neste caso-. Marcan distancia os apartamentos turísticos por rexistrar un descenso de menor intensidade, do 15% neste caso –dato que ata semella positiva neste contexto-.
- O 70% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 49% nos hoteis e un 21% nas pensións-. O 30% restante concéntrase basicamente nos apartamentos turísticos –co 29%- quedando o dato residual nos establecementos de turismo rural –con apenas o 1% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes un comportamento negativo dos tres grandes segmentos de mercado, pero cun patrón diferente ao observado con carácter xeral e nas restantes provincias. Así, descende con maior intensidade o turismo de ámbito nacional –nun 72% o interno e nun 68% o que procede do resto do Estado- fronte ao internacional –que descende neste caso nun 44%-.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento negativo xeneralizado, con descensos en todas as modalidades. A caída achégase aos 15 puntos porcentuais nos hoteis e sitúase nos tres puntos nas pensións, nos catro puntos en turismo rural e nos sete puntos nos apartamentos turísticos.
- A estadía media sobe tamén de forma notable neste mes –nun 39% en particular- para situarse preto de 2,8 noites –preto do nivel máximo rexistrado en A Coruña-.

**PROVINCIA DE OURENSE**
**XANEIRO 2021**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	5.641	-64,7%	9.441	-62,5%	1,67	6,3%	10,15%	-13,89
PENSIÓNS	1.499	-58,9%	3.942	-48,7%	2,63	24,8%	8,66%	-5,05
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>7.140</b>	<b>-63,6%</b>	<b>13.383</b>	<b>-59,2%</b>	<b>1,87</b>	<b>12,0%</b>	<b>9,66%</b>	<b>-10,77</b>
APTOS. TURÍSTICOS	-	-	-	-	-	-	-	-
TURISMO RURAL	334	-75,9%	530	-73,5%	1,59	9,8%	3,24%	-5,02
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>334</b>	<b>-80,3%</b>	<b>530</b>	<b>-79,6%</b>	<b>1,59</b>	<b>3,8%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>7.474</b>	<b>-64,9%</b>	<b>13.913</b>	<b>-60,7%</b>	<b>1,86</b>	<b>12,0%</b>	-	-


- Ourense participa tamén da dinámica negativa deste mes e rexistra caídas importantes da demanda turística regrada. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados nun 65% e o volume de noites nun 61% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- A caída da demanda afecta a todas as modalidades de aloxamento con similar intensidade. Descende o número de noites un 73% nos establecementos de turismo rural, un 62% nos hoteis e nun 49% nas pensións. Neste mes, por problemas de mostra, o INE non ofrece datos para os apartamentos turísticos.
- O 96% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 68% nos hoteis e un 28% nas pensións-. O 4% restante corresponde ao segmento de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento igualmente negativo dos tres grandes segmentos de mercado, con diferenzas de intensidade. Neste mes descende o turismo interno nun 48% -presenta o mellor comportamento en termos relativos-, o receptor nacional nun 65% e o internacional nun 85% -porcentaxes referidas ás pernoctacións-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado interno –absorbe dúas de cada tres noites hoteleiras da provincia-. O turismo receptor nacional representa o 29% mentres que o 6% restante queda para o internacional.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento parello ao da demanda. Empeora en todas as modalidades pero con maior intensidade nos hoteis –preto de 14 puntos- fronte ás pensións e aos establecementos de turismo rural –que rexistran un descenso do contorno dos cinco puntos-.
- A estadía media sobe neste mes –un 12% en particular- situándose preto de 1,9 noites –a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.

**PROVINCIA DE PONTEVEDRA**
**XANEIRO 2021**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	11.584	-78,3%	28.947	-68,8%	2,50	43,8%	12,55%	-14,56
PENSIÓNS	1.268	-60,2%	6.252	-45,8%	4,93	36,1%	13,71%	-1,81
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>12.851</b>	<b>-77,3%</b>	<b>35.199</b>	<b>-66,2%</b>	<b>2,74</b>	<b>48,6%</b>	<b>12,75%</b>	<b>-12,28</b>
APTOS. TURÍSTICOS	160	-51,2%	1.406	-14,3%	8,79	75,6%	3,98%	-2,75
TURISMO RURAL	158	-83,7%	215	-86,2%	1,36	-15,4%	0,75%	-3,32
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>318</b>	<b>-75,5%</b>	<b>1.621</b>	<b>-49,4%</b>	<b>5,10</b>	<b>106,6%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>13.169</b>	<b>-77,2%</b>	<b>36.820</b>	<b>-65,7%</b>	<b>2,80</b>	<b>50,5%</b>	-	-

- Comportamento tamén negativo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra neste mes de xaneiro. Obsérvase neste sentido unha dinámica parella á das restantes provincias, cun descenso da cifra de viaxeiros aloxados do 77% así como do volume de noites –do 66% neste caso-. Significa isto que os establecementos regrados de Pontevedra rexistraron neste mes unha terceira parte da demanda de xaneiro de 2020.
- A caída da demanda atinxe a todas as tipoloxías consideradas, con intensidade variable. Os descensos máis acusados localízanse nos hoteis e nos establecementos de turismo rural –con caídas do 69% e 86% respectivamente-. Nas pensións o descenso sitúase no 46% mentres que nos apartamentos turísticos baixa ao 14% interanual –a porcentaxe máis baixa de toda a oferta considerada-.
- O 96% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 78%- e ás pensións –co 17%- . O 4% restante concéntrase basicamente nos apartamentos turísticos, quedando unha cifra moi residual para o segmento de turismo rural.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento igualmente negativo, con caídas de notable intensidade. Neste mes é o segmento receptor nacional o que presenta a caída máis notoria, do 81% en relación ao pasado ano. O mercado interno descende un 53% mentres que o internacional cae un 57% en relación ao pasado ano.
- Os niveis de ocupación descenden tamén de forma importante pero variable. Neste caso son os hoteis os que presentan a caída máis notoria, próxima aos 15 puntos porcentuais. As restantes tres modalidades rexistran descensos máis suaves, de case dous puntos nas pensións e do contorno dos tres puntos nos apartamentos turísticos e nos establecementos de turismo rural.
- Incrementábase de forma notable a estadía media –nun 50% en particular- situándose en 2,8 noites –a segunda cifra máis alta das provincias-.

Reparto da demanda turística regrada. Noites xaneiro 2021



Variación da demanda turística regrada. Noites xaneiro 21/20

